

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

EXPEDIENTE NÚM.: 2022/D001/000003

EXPEDIENTE DE DECRETO: 2022/G003/000143

ASUNTO: BASES DO "CONCURSO DE RELATOS BREVES" . CONCELLO DE SOBRADO

D. Luis Lisardo Santos Ares, alcalde-presidente do Concello de Sobrado (A Coruña),

ANTECEDENTES

O Alcalde co fin de promover a escritura e a lectura entre a poboación considera convinte levar a cabo desde o concello este Concurso de relatos breves.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local vixente, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar as bases reguladoras do "Concurso de relatos breves" con motivo da celebración do Día do Libro.

SEGUNDO.- Publicar as presentes bases no taboleiro de anuncios do Concello de Sobrado, na súa páxina web e nas redes sociais.

Mandao e asinao, o sr. alcalde, en Sobrado, na data da sinatura electrónica ao marxe, do que eu, como secretaria-interventora, dou fe.

O alcalde

A secretaria-interventora

Luis Lisardo Santos Ares

Alejandra D Fandiño Sánchez

ANEXO

BASES DA CONVOCATORIA DO "CONCURSO DE RELATOS BREVES".

- **OBXETIVO**

- Fomentar a escritura e a lectura entre a poboación.

- **PARTICIPANTES**

- Habera 3 categorías:

- CATEGORIA I: Rapaces e rapazas nados entre o 2010 e o 2015.

- CATEGORIA II: Rapaces e rapazas nados entre o 2006 e o 2009

- CATEGORIA III: Persoas nadas antes do ano 2005 (inclusive)

○ **DESENVOLVEMENTO DO CONCURSO**

- Cada participante debere facer un relato breve do tamaño dun folio tamaño A4 por ambas caras como máximo, tipo de letra Times New Roman, tamaño de letra 10 e interlineado de 1,15.
O relato estará escrito en galego ou castelán

- Os participantes poden entregar os seus relatos persoalmente na casa do Concello ou por correo electrónico correo@sobrado.es ademais dunha ficha cuberta cos seguintes datos:

- 1.- Nome completo e idade do participante.
- 2.- Teléfono de contacto.
- 3.- Autorización para a publicación nas redes sociais do Concello de Sobrado. No caso dos participantes menores de idade, terá que dar o consentimento por escrito o representante legal do menor ou menores. No caso de non firmar este consentimento quedarán excluídos do concurso.

- Os relatos poderán entregarse ata o martes 19 de abril de 2022.

- O concurso de Relatos Breves será o día 24/04/2022 as 12:00 horas no Edificio de Servizos Múltiples Casa da Irmandade. Cada participante terá que ler o seu relato diante do xurado e despois procederase a entrega de premios.

○ **COMPOSICIÓN DO XURADO**

O xurado estará formado por tres persoas designadas polo concello.

○ **ELECCIÓN DE PREMIADOS**

Cada compoñente do xurado valorará de forma individual a cada participante, outorgándolle unha puntuación do 1 o 5. A puntuación de cada participante será a suma total dos puntos outorgados por cada membro do xurado.

○ **PREMIOS**

O participante con maior puntuación de cada categoría será obsequiado cun agasallo.

Poderase declarar deserto calquera premio se a xuízo do propio xurado non se reúnen os méritos suficientes.

○ **ACEPTACIÓN DAS BASES**

O feito de participar no "Concurso de relatos breves" implica o coñecemento e aceptación por parte dos concursantes das bases.